



BOP

VENRES, 18 DE AGOSTO DE 2017

Nº 189

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO. UNIDADE DE OBRAS E PLANS

Anuncio

APERTURA DE PRAZO PARA A RECEPCIÓN DE DOCUMENTACION NO PROCEDEMENTO ABERTO DAS OBRAS QUE SE INDICAN E DE ACORDO COAS CARACTERÍSTICAS QUE SE SINALAN:

TITULO DA OBRA	PRESUPOSTO LICITACION	PRAZO EXECUCION	CLASIFICACION ESIXIDA
BECERREÁ.- CONSTRUCCIÓN CENTRO DE DÍA E RESIDENCIAL COMARCAL EN BECERREÁ.- (EX012OB17AB)	4.389.791,06 € IVE 438.979,11 €	21 meses (84 semanas)	Grupo C; Subgrupo 2; Categoría 4 Grupo C; Subgrupo 4; Categoría 3 Grupo I; Subgrupo 9; Categoría 2 Grupo J; Subgrupo 2; Categoría 3
SARRIA.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-5705 "DE MAZADOIRO, POR ESCARLÁN, A SAN MARTÍN DA TORRE", P.K. 0+000 - 6+500. (EX 007 OB 17 AB).	268.462,81€ IVE 56.377,19€	3 meses	NON se esixe.

CARACTERÍSTICAS:

1º. - ENTIDADE ADXUDICADORA

- Organismo: Excma. Deputación Provincial de Lugo.
- Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación e Fomento.
- Domicilio: C/ San Marcos 8., C.P. 27001 Lugo
- Dirección onde se pode consultar os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas: na páxina web da Plataforma de Contratación do Sector público, (<https://contrataciondelestado.es>), á que tamén se accede dende a páxina web da Deputación de Lugo (<https://www.deputacionlugo.org> - perfil do contratante).

2º. - DESCRIPCION DO CONTRATO

- Tipo de contrato: Obras.
- Obxecto: A execución das obras sinaladas ao comezo do anuncio.
- Prazo de execución: O sinalado ao comezo do anuncio

3º. - TRAMITACION, PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACION

- Tramitación: Ordinaria.
- Procedemento: Aberto

4º. - VALOR ESTIMADO DO CONTRATO

O que se sinala no comezo do anuncio

5º. - GARANTIAS

- Provisional: Non se esixe.
- Definitiva: O 5% sobre o importe de adxudicación, de cada lote, sen IVE.

6º. - REQUISITOS ESPECIFICOS DO CONTRATISTA

- a) Clasificación: a indicada no encabezado
- b) Acreditación solvencia económica e financeira, ben a través da acreditación dunha clasificación axeitada ao obxecto do contrato, ou a través dos criterios, requisitos mínimos e medios de acreditación establecidos no RD 773/2015 de 28 de agosto, polo que se modifica o artigo 11 do Regulamento xeral da LCAP. (Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, cláusula 4.2)
- c) Outros requisitos: Ver Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas.

7º. - PRESENTACION DE OFERTAS

a) Data límite de presentación: 26 días naturais contados dende o seguinte a publicación do presente anuncio no B.O.P.

b) Documentación a presentar: A sinalada no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de prescricións técnicas.

c) Lugar de presentación: A presentación poderá realizarse persoalmente no rexistro da Deputación, ou ben mediante envío por mensaxería ou ben en calquera das dependencias administrativas recollidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas dentro do prazo sinalado.

No caso de envío por correo ou entrega en calquera das dependencias recollidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo, o interesado deberá acreditar, co resgardo correspondente, a data de imposición do envío e comunicar no mesmo día ao órgano de contratación, por fax (982 180004), télex ou telegrama, a remisión da proposición. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos non será admitida a proposición no caso que fose recibida fora do prazo fixado no anuncio de licitación. (ver punto 1º)

d) Admisión de variantes: NON

e) Idioma: Castelán e Galego

8º. - CRITERIOS DE ADXUDICACION E PUNTUACION (VER DETALLES NO PREGO DE CAP)**8.1.-BECERREÁ.- CONSTRUCCIÓN CENTRO DE DÍA E RESIDENCIAL COMARCAL EN BECERREÁ.- (EX012OB17AB)**

CRITERIOS	PONDERACIÓN
1) Prezo	80
2) Ampliación de garantía contractual (en meses)	8
3) Redución de prazo de execución (en semanas)	7
4) Plan de comunicación	5

8.2.-SARRIA.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-5705 "DE MAZADOIRO, POR ESCARLÁN, A SAN MARTÍN DA TORRE", P.K. 0+000 – 6+500. (EX 007 OB 17 AB).

CRITERIOS	PONDERACIÓN
1) Prezo	75
2) Melloras de obra	20
3) Plan de comunicación	5

9º. - APERTURA DE OFERTAS

a) Dirección: Deputación Provincial de Lugo. Rúa San Marcos 8.

b) Localidade e código postal: Lugo, 27001.

c) Data: publicarase a convocatoria na Plataforma de Contratación do sector público.

10º. - GASTOS DE ANUNCIOS.

Correrán por conta dos adxudicatarios.

11º.- OBTENCION DE DOCUMENTACION E INFORMACION

- a) Entidade e domicilio: Ver punto 1º.
- b) Plataforma de contratación do sector público
- c) Teléfono: 982-260080 - 24

d) Fax: 982-26180004

Lugo, 11 de Agosto de 2017. O PRESIDENTE, P.D. Decreto nº 0402/2017, de data 24-02-2017. O DEPUTADO PROVINCIAL, Pablo Rivera Capón. O SECRETARIO, P.S. O SECRETARIO-INTERVENTOR, Manuel Castiñeira Castiñeira

“O PRESIDENTE, P.D. Decreto nº 0402/ 2017, de data 24-02-2017, O DEPUTADO PROVINCIAL, Pablo Rivera Capón ”

R. 2433

CONCELLOS

BARREIROS

Anuncio

Visto o disposto na Resolución de 16 de Marzo de 2015, pola que se publica a Resolución de 30 de xaneiro de 2015, na que se dictan instrucións técnicas ós Concellos sobre xestión do Padrón Municipal, así como de conformidade có establecido no artigo 72 do Regulamento de Población e Demarcación Territorial das Entidades Locais aprobado polo R.D. 1690/1986, de 11 xullo, na redacción dada polo R.D. 2612/1996, de 20 de Decembro, procederáse a realizar a baixa de oficio nos seguintes términos: “*os Concellos darán de baixa de oficio, por inscrición indebida, a aqueles figuren empadroados incumplindo os requisitos establecidos no artigo 54 deste Regulamento.*”

Visto, que se notifica, a comprobación de residencia así como o inicio do expediente de baixa de oficio da cidadá DONA JULIA GABRIELLE CHAVEIRO SILVA con motivo da comprobación de residencia por parte de este organismo, o existir indicios de que xa non reside no noso Concello.

Visto que nas dúas notificacións enviadas ó seu domicilio coñecido a medio de cartas certificadas con acuses de recibo, e que foron devoltas ambas con motivo: *ausente*. Visto que o habitante non acode ó Concello no prazo dado para comparecer, e unha vez notificado nos propios documentos enviados,

Tendo en conta o disposto no artigo 59.5 da Ley 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, “*cando os interesados nun procedemento sexan descoñecidos, se ignore o lugar de notificación, o medio o que se refire o punto 1 desde artigo, ou ben intentada a súa notificación, non se puidese practicar, a notificación farase por medio dun anuncio publicado no BOE*”,

RESOLVO:

Primeiro.- Acordar a publicación desta Resolución no Boletín Oficial da Provincia, abrindo un novo período de 15 días hábiles para a presentación das alegacións e presentación dos documentos e xustificacións que estime oportunos co fin de acreditar a súa situación.

Segundo.- Notificar, segundo o establecido na Resolución de 16 de Marzo de 2015, no seu apartado 5, punto 5.5.4.1, no que se establece :” *nos casos no que os interesados manifesten a súa disconformidade coa baixa, ou non efectúen alegacións algunha, unha vez transcorrido o prazo sinalado ó efecto, e en todo caso, cando o cidadán non figure empadroadado en ningún municipio, a baixa só poderá levarse a cabo có informe favorable do Consello de Empadronamento*” polo que, unha vez transcorrido o período de alegacións, remitirase o Consello de Empadronamento, toda a documentación que consta no expediente, con fin de que se emita informe favorable para realizar a baixa de oficio, de Dona JULIA GABRIELLE CHAVEIRO SILVA.

Barreiros, 07 de Agosto de 2017.- O Alcalde, José Alfonso Fuente Parga

R. 2411

BECERREÁ

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto da Alcaldía de data 4 de agosto de 2017, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de agosto de 2017 da taxa pola prestación do servizo de Gardería Infantil.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago da taxa, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e

presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 04/10/2017. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciárase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 7 de agosto de 2017.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez

R. 2412

CHANTADA

Anuncio

O pleno do Concello de Chantada, na sesión do día 10/07/2017 acordou aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

De conformidade co disposto no artigo 17 do Texto Refundido 2/2004, do 5 de marzo, da Lei reguladora das facendas locais e o artigo 49 da Lei de Bases de Réxime Local o expediente queda sometido a exposición pública durante o prazo de 30 días, na Secretaría deste Concello, período durante o que as persoas interesadas poderán presentar as alegacións ou reclamacións que estimen pertinentes.

De non presentarse reclamacións durante o prazo sinalado, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo de aprobación adoptado.

Chantada, na data da sinatura electrónica no 2017.- O 1º TENENTE - ALCALDE, POR DELEGACION DECRETO 2017-334, José Castor Novoa Fernández.

R. 2367

LUGO

Anuncio

DECRETO NÚMERO 17007053 DO 03/08/2017

Ilmo. Sr. Don XOSE DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tenente de Alcalde-Delegado da Área de Desenvolvemento Sostible e Persoal do Excmo. Concello de Lugo.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión extraordinaria e urxente realizada o día 23 de decembro de 2015, adoptou o acordo número 2/882, polo que se aprobou a oferta de emprego público para o ano 2015, figurando no seu ANEXO, entre outras, as seguintes prazas de persoal funcionario:

‘- Grupo C1. Escala de Administración Especial (Básica). Número de vacantes: 2 (Quenda de mobilidade). Denominación: Policía Local.’

O dito acordo foi publicado no BOP de Lugo número 020, do 26 de xaneiro de 2016, e no DOG número 36, do 23 de febreiro de 2016.

A oferta de emprego público para o ano 2015 foi modificada por acordo 5/173 adoptado pola Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo na sesión ordinaria celebrada o día 5 de abril de 2017, o cal foi rectificado polo acordo 10/220 adoptado polo dito órgano de goberno na sesión ordinaria celebrada o 26 de abril de 2017, publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 122, do 30 de maio de 2017, figurando no seu ANEXO, entre outras, as seguintes prazas de persoal funcionario:

‘- Grupo C1. Escala de Administración Especial (Básica). Número de vacantes: 2 (Quenda de mobilidade). Denominación: Policía Local.’

A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o vinte e seis de xullo de dous mil dezasete, adoptou, entre outros o acordo 10/476 **BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD POLA QUENDA DE MOBILIDADE HORIZONTAL A DÚAS PRAZAS DE POLICÍA LOCAL PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO.**

Esta Concellería, en virtude das atribucións conferidas á Alcaldía polo artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local e tendo en conta o Decreto número 16005312, ditado o 5-07-2016, **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Convocar o proceso selectivo mediante o sistema de oposición, para o acceso en propiedade a **dúas prazas de Policía Local**, pertencentes ó cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de mobilidade horizontal, que se rexerá polas bases específicas aprobadas por acordo nº 10/476 da Xunta de Goberno Local deste Concello na súa sesión do 26.07.2017, que seguidamente se transcriben:

“BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD POLA QUENDA DE MOBILIDADE HORIZONTAL A DÚAS PRAZAS DE POLICÍA LOCAL PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO.

1.- OBXECTO.- Estas bases específicas teñen por obxecto a regulación dos aspectos particulares do proceso de selección para o acceso como funcionario/a de carreira pola quenda de mobilidade horizontal, a dúas prazas de Policía Local, do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, de acordo co disposto na Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, modificada pola Lei 9/2016, do 8 de xullo, Decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, modificado polo Decreto 77/2010, do 29 de abril, e a Orde do 28 de xaneiro de 2009 pola que se determinan as probas de selección, temarios e baremos de méritos para o ingreso, promoción interna e mobilidade nos corpos de policía locais, para a integración dos vixiantes e auxiliares de policía ou interinos, para o acceso como vixiantes municipais e a contratación de auxiliares de policía de tempada, e no que no se opoña ás citadas disposicións, as bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios e persoal laboral do Concello de Lugo, en quenda libre.

2.- CARACTERÍSTICAS

a) Denominación das prazas: Policía Local

b) Grupo de titulación: grupo C; subgrupo C1; escala, administración especial; subescala, servizos especiais; clase, policía local; categoría, policía.

c) Retribucións: as retribucións básicas que legalmente corresponda ao grupo C, subgrupo C1 e as complementarias propias do posto de traballo de policía local.

d) Número de prazas: 2

3.- SISTEMA SELECTIVO

De acordo co previsto na Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, modificada pola Lei 6/2016, do 8 de xullo, o sistema será o de concurso entre funcionarios doutros corpos da Policía Local da Comunidade Autónoma de Galicia.

4.- REQUISITOS DAS E DOS ASPIRANTES

1.- Para poder tomar parte no proceso selectivo de acceso, as e os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos que deberán acreditar documentalmente xunto coa solicitude de participación:

a) Posuír a nacionalidade española que se acreditará mediante a fotocopia do DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.

b) Ter unha categoría igual á da convocatoria e unha antigüidade mínima nela de tres anos. Este requisito acreditarase mediante certificación expedida pola entidade ou entidades nas que a/o aspirante prestara os seus servizos.

c) Non faltar máis de 12 anos para pasar á situación de segunda actividade con destino por razón de idade.

d) Estar en posesión do título de bacharel ou técnico, ou calquera outra que sexa equivalente ou correspondente ou dea acceso segundo a lexislación xeral.

e) Ser titular dos permisos de conducir das clases A2 e B. Deberá achegar copia compulsada dos ditos permisos, comprometéndose mediante declaración a mantelos vixentes ata o momento da súa xubilación.

f) Non ter sido condenada/o por delito doloso, nin estar inhabilitada/o para o exercicio das funcións públicas, nin separado do servizo das administracións públicas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme. Será aplicable, non obstante, o beneficio da rehabilitación, segundo as normas penais e administrativas, que a/o aspirante deberá acreditar mediante o correspondente documento oficial. O cumprimento deste requisito acreditarase mediante a presentación dunha declaración xurada nos termos sinalados.

g) Compromiso por escrito de portar armas durante o servizo e, se é o caso, chegar a utilizalas nos casos e circunstancias legalmente establecidas, que a/o aspirante presentará en forma de declaración xurada.

h) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas, acreditado mediante declaración xurada.

i) Xustificante do ingreso dos dereitos de exame. As/Os interesadas/os deberán unirle á solicitude o xustificante de ter ingresados os dereitos de exame. As taxas por dereito de exame para este grupo están fixadas en 15,15 €, de acordo coa Ordenanza fiscal número 119 vixente neste momento no Concello, téndose que estar en todo o relativo aos dereitos de exame ao establecido na citada ordenanza. O aboamento da citada taxa farase en modelo normalizado de autoliquidación de "Taxas en Prezo Públicos" que se atopa a disposición das/dos interesadas/os nas oficinas administrativas do Excmo. Concello de Lugo.

l) Documentación acreditativa dos méritos que aleguen de entre os establecidos no correspondente baremo, a través de orixinal ou copia compulsada.

2. Todos estes requisitos, así como estar en posesión do título acreditativo do nivel de lingua galega esixido para a exención do exame previsto na base 14ª letra c) das bases xerais en quenda libre, deberán acreditarlos na data en que remate o prazo de presentación de instancias.

5.- PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

Os interesados e interesadas en participar nos correspondentes procesos selectivos deberán presentar instancia dirixida á Excm. Sra. Alcadesa no Rexistro Xeral do Concello de Lugo; así mesmo, poderán remitirse na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (coa excepción establecida na súa disposición final sétima).

As solicitudes de participación deberá xuntárselles a seguinte documentación:

a) Fotocopia do DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.

b) Xustificante do ingreso dos dereitos de exame. Os interesados e/ou interesadas deberán unirle á solicitude o xustificante de ter ingresados os dereitos de exame.

c) Documentación acreditativa dos méritos que aleguen de entre os establecidos no correspondente baremo, a través de orixinal ou copia compulsada.

d) Demais requisitos establecidos na base anterior necesarios para participar neste proceso.

6.- LISTA DE ADMITIDOS. DATA E LUGAR DE CELEBRACIÓN DAS PROBAS

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ou Concelleiro Delegado, se é o caso, ditará resolución pola que se declarará aprobada a lista de admitidos e excluídos, con indicación do motivo de exclusión, e sinalarase un prazo de dez días para emendas, de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Estas resolucións deberán ser publicadas no BOP de Lugo.

Os sucesivos anuncios publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello.

7.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

- Presidenta:

D.ª Marta López Peña. Xefa do Servizo de Persoal do Concello de Lugo

Suplente: D.ª Carmen Flores Pardo. Xefa do Servizo de Medio Ambiente do Concello de Lugo.

- Vogais:

D. Manuel Méndez Novo. Xefe da Policía Local do Concello de Lugo

Suplente: D. Manuel Vázquez Sanjurjo. Inspector Policía Local Concello de Lugo

D. Jesús Piñeiro Santos. Inspector Policía Local

Suplente: D. José María Rodríguez Rico. Inspector Policía Local

Don Raúl González Fernández. Inspector Policía Local

Suplente: D. Carlos Fernández Gay. Inspector Policía Local

- Secretaria:

D.^a María García Ferro. Vicesecretaria do Concello de Lugo.

Suplente: D.^a Amparo Rubinos Hermida. Técnica Media Xestión. Xefa de Sección.

8.- PROCESO SELECTIVO

O procedemento de concurso consiste na comprobación, avaliación e cualificación dos méritos alegados e xustificadas, se é o caso, polas/polos aspirantes, de acordo co baremo que se determina a continuación:

A) Titulacións académicas. As titulacións que se baremarán serán as seguintes:

A.1) Título universitario de posgrao, doutor ou equivalente: 3,00 puntos.

A.2) Título universitario de grao, licenciado, arquitecto, enxeñeiro ou equivalente: 2,00 puntos.

A.3) Diplomado universitario, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico, diplomado superior en criminoloxía, ciencias políticas ou equivalente: 1,50 puntos.

A.4) Bacharelato, técnico ou equivalente: 0,50 puntos, se é o caso, de posuír outra adicional a de requisito de acceso.

Non se valorará a titulación requirida para o acceso á categoría á que se aspira, e si as adicionais no caso de que se posúa máis dunha.

Tampouco se terán en conta, para os efectos de valoración, as titulacións necesarias ou as que se empregasen como vía de acceso para a obtención dunha titulación superior xa valorada.

Para os efectos de equivalencia de titulación só se admitirán as recoñecidas polo ministerio competente na materia como títulos académicos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional. Deberá achegar o aspirante a correspondente declaración oficial de equivalencia ou disposición na que se estableza esta e, se é o caso, o BOE en que se publica.

Só se valorarán os títulos antes citados, non os cursos realizados para a súa obtención.

B) Antigüidade: para os efectos de valoración da antigüidade só serán tidos en conta os servizos prestados como funcionario de carreira

B.1) Por cada ano de servizos ou fracción superior a seis meses prestados nos corpos de policía local: 0,20 puntos.

B.2) Por cada ano de servizos ou fracción superior a seis meses prestados noutros corpos e forzas de seguridade: 0,10 puntos.

B.3) Por cada ano de servizos ou fracción superior a seis meses prestados noutros corpos das administracións públicas: 0,05 puntos.

C) Formación e docencia:

C.1) Formación profesional continua:

C.1.1) Os cursos de formación profesional ou outras actividades formativas desenvolvidas directamente pola Academia Galega de Seguridade Pública, ou mediante convenios ou protocolos de colaboración con concellos, deputacións e outras entidades públicas, serán valoradas de acordo co seguinte baremo:

a) Cada hora presencial en actividades con exame de aproveitamento: 0,025 puntos.

b) Cada hora a distancia en actividades con exame de aproveitamento: 0,020 puntos.

c) Cada hora en actividades formativas de asistencia presencial: 0,015 puntos.

d) Cada hora en actividades formativas de asistencia en formación en liña: 0,010 puntos.

Os cursos de manifesto interese policial homologados pola Academia Galega de Seguridade Pública, superados nas universidades, administracións públicas ou a través dos plans de formación continua serán valorados de acordo co seguinte baremo:

- a) Ata 20 horas lectivas: só asistencia 0,20 puntos; aproveitamento 0,30 puntos.
- b) Entre 21 e 40 horas lectivas: só asistencia 0,35 puntos; aproveitamento 0,50 puntos.
- c) Entre 41 e 70 horas lectivas: só asistencia 0,45 puntos; aproveitamento 0,65 puntos.
- d) Entre 71 e 100 horas lectivas: só asistencia 0,50 puntos; aproveitamento 0,75 puntos.
- e) Entre 101 e 200 horas lectivas: só asistencia 0,75 puntos; aproveitamento 1,00 puntos.
- f) Máis de 200 horas lectivas: só asistencia 1,00 puntos; aproveitamento 1,30 puntos.

Non se terán en conta, para os efectos de valoración: os cursos obrigatorios que formen parte do proceso de selección para o acceso a calquera categoría ou emprego dos corpos e forzas de seguridade; os cursos repetidos, agás que transcorrese un período superior a cinco anos dende a finalización do primeiro curso, e os cursos necesarios para a obtención das titulacións da epígrafe 1 anterior (titulacións académicas), nin a superación de materias destes.

C.2) Docencia:

C.2.1) A participación como profesor/a en cursos ou outras actividades formativas desenvolvidas directamente pola Academia Galega de Seguridade Pública, ou mediante convenios ou protocolos de colaboración con concellos, deputacións e outras entidades públicas, dirixidos en particular aos corpos de policía local, ou tamén ao colectivo dos corpos e forzas de seguridade, valoraranse por hora impartida a razón de:

- a) Cada hora en actividades formativas de asistencia presencial: 0,020 puntos.
- b) Cada hora en actividades de formación en liña: 0,015 puntos.

C.2.2) A participación como profesor en cursos ou outras actividades formativas de manifesto interese policial dirixidos en particular aos corpos de policía local, ou tamén ao colectivo das forzas e corpos de seguridade, desenvolvidas nas universidades, administracións públicas ou a través dos plans de formación continua, valoraranse por hora impartida a razón de:

- a) Cada hora en actividades formativas de asistencia presencial: 0,015 puntos.
- b) Cada hora en actividades de formación en liña: 0,010 puntos.

O mesmo curso impartido en máis dunha ocasión só computará unha vez, agás que transcorrese un período superior a cinco anos dende a súa impartición.

Os méritos desta epígrafe (formación e docencia) deberán acreditarse dentro do prazo establecido nestas bases mediante a presentación dos diplomas ou certificados correspondentes, que expresarán claramente os contidos xerais e as horas de formación ou docencia, se é o caso.

D) Distincións e recompensas oficiais:

- a) Placa individual ao mérito da policía local: 2,00 puntos.
- b) Placa colectiva ao mérito da policía local: 1,5 puntos.
- c) Medalla ao mérito da policía local: 1,00 punto
- d) Medalla ou cruz ao mérito policial doutros corpos: 0,75 puntos.
- e) Distinción do órgano colexiado competente do Concello: 0,25 puntos.

E) Idiomas: o coñecemento doutro idioma distinto ao español e ao galego, acreditado por certificado da Escola Oficial de Idiomas, valorarase a razón de:

- a) Ciclos.
 - Certificado de superación de ciclo elemental: 1,00 punto
 - Certificado de superación de ciclo superior: 2,00 puntos.

b) Niveis

- Certificado de superación nivel básico: 0,65 puntos.
- Certificado de superación nivel intermedio: 1,30 puntos
- Certificado de superación nivel avanzado: 2,00 puntos.

Só se terá en conta o ciclo ou nivel de máis valor dos que se acrediten.

F) Lingua galega.-

- Celga 1: 0,25

- Celga 2: 0,50
- Celga 3: 0,75
- Celga 4. 1,00
- Curso de iniciación: 0,75
- Curso de perfeccionamento: 1,00
- Curso de linguaxe administrativa nivel medio: 1,50
- Curso de linguaxe administrativa nivel superior: 2,00

So se terá en conta o título de máis nivel dos que se acrediten.

9.- RESULTADO DO PROCESO.-

Rematada a baremación, o tribunal fará pública a relación de aspirantes admitidos no proceso pola orde de puntuación acadada, no Taboleiro de Anuncios do Concello, e simultaneamente elevaraa a Alcaldía, para os efectos de publicación no BOP.

O tribunal non poderá propoñer o acceso ao posto dun número superior ás prazas convocadas. A cualificación final será o resultado da suma dos méritos xustificados e avaliados.

No obstante o anterior, cando se produzan renuncias dos/das aspirantes seleccionados/as, antes do seu nomeamento ou toma de posesión, o órgano convocante poderá requirir do tribunal relación complementaria dos/das aspirantes que sigan aos propostos, para o seu posible nomeamento. Este requirimento poderá tamén facerse ao tribunal cando os/as aspirantes seleccionados, dentro do prazo fixado na base vixésima das bases xerais, agás casos de forza maior, non presenten a documentación establecida na devandita base ou dela se deducise que carece dos requisitos esixidos nas correspondentes convocatorias, así como cando o/a aspirante non tome posesión no período sinalado na base vixésimo primeira por causas a el/ela imputables e salvo causa de forza maior.

10.- En todo o demais estarase ao disposto nas bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios e persoal laboral do Concello de Lugo en quenda libre.

Contra este acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o xulgado desta orde de Lugo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da notificación.

Igualmente, poderá interpoñerse, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes contado dende o día seguinte á recepción desta notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición, poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolvase expresamente, o prazo para interposición será de seis meses, contados dende que se produza o acto presunto.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.”

SEGUNDO.- Sinalar que, de acordo co previsto na base novena das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre, o prazo de presentación de instancias será de vinte días naturais contados dende o seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

TERCEIRO.- Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida, facendose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado desta orde en Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da notificación.

Non obstante poderá interpoñer, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado dende o día seguinte á recepción desta notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición podrá interpoñer-lo recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolva expresamente, o prazo para interposición será de seis meses, contados dende que se produza o acto presunto.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

*Anuncio***DECRETO NÚMERO 17007051 DO 03/08/2017**

Ilmo. Sr. Don XOSE DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tenente de Alcalde-Delegado da Área de Desenvolvemento Sostible e Persoal do Excmo. Concello de Lugo.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día vinte e seis de xullo de dous mil dezasete adoptou, entre outros, o acordo 8/474 **BASES DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA INTERINA, NOS SUPOSTOS PREVISTOS NO ARTIGO 10 DO REAL DECRETO LEXISLATIVO 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI DO ESTATUTO BÁSICO DO EMPREGADO PÚBLICO, DE PRAZAS DE AXUDANTE/A DE COCIÑA-LIMPEZA.**

Esta Concellería, en virtude das atribucións conferidas á Alcaldía polo artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local e tendo en conta o Decreto número 16005312, ditado o 5-07-2016, **RESOLVE:**

Primeiro.- Convocar o proceso selectivo para a cobertura interina, nos supostos previstos no artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, de prazas funcionario/a na categoría de Axudante de Cociña-Limpeza, de acordo coas bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local deste Concello, na sesión ordinaria celebrada o día vinte e seis de xullo de dous mil dezasete, e que a continuación se transcriben:

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

Estas bases teñen por obxecto rexer a convocatoria do proceso selectivo para a elaboración dunha lista para a cobertura interina de prazas de funcionario/a na categoría de Axudante de Cociña - Limpeza (a cal deixará sen efecto a lista resultante de proceso selectivo para a cobertura interina nos supostos previstos no artigo 10 do Estatuto básico do empregado público, de prazas de Axudante/a Cociña-Limpeza publicada o 1 de decembro de 2010 no Taboleiro de Anuncios deste Concello) e, dende a que se irá chamando os/as candidatos/as pola orde de puntuación obtida por cada un/unha deles, cando sexa necesario proceder á cobertura interina, nos supostos previstos no artigo 10 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, de prazas funcionario/a na categoría de Axudante de Cociña - Limpeza.

2.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES

Os/as aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se sinalan na data de finalización do prazo de presentación de instancias, tendo en conta que no prazo de corrección de defectos unicamente poderá corrixirse o requisito da non- presentación do DNI, do carné de manipulador/a de alimentos e da titulación.

Para ser admitida/o a esta convocatoria, as e os aspirantes deberán reunir, na data na que finalice o prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

- a) Ser español/a ou nacional dos demais estados membros da Unión Europea. Así mesmo, poderán participar no proceso selectivo as e os estranxeiros que reúnan a condición de cónxuxes de españois ou de nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas/os de dereito, e as e os seus descendentes e as e os do seu cónxuxe menores de 21 anos ou maiores que vivan ás súas expensas.

As mesmas regras aplicaranse, se é o caso, ás persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais celebrados pola Comunidade Europea e ratificados por España, nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadoras/es.

- b) Estar en posesión do certificado de escolaridade, titulación superior ou equivalente.
- c) Estar en posesión do carné de manipulador/a de alimentos.
- d) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, se é o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- e) Non ter sido separada/o mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitada/o ou en situación equivalente nin ter sido sometida/o a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.
- f) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida ou menoscabe o normal exercicio da función.

3.-ÁMBITO DE PUBLICIDADE

O anuncio de convocatoria farase público no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Os sucesivos anuncios en relación con este proceso publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello de Lugo.

4.- PRAZOS E REQUISITOS DE FORMA NA PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

Os/as que desexen tomar parte neste proceso deberán facelo constar na instancia que lles será facilitada no Rexistro Xeral do Concello. As instancias dirixiranse á Excm. Sra. Alcaldesa do Excmo. Concello de Lugo, e nelas farase constar expresa e detalladamente ademais dos datos persoais da ou do solicitante, que se reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos na base 2.

Prazo de presentación: o prazo de presentación de instancias será de dez días naturais, contados a partir do día seguinte á publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Se o último día coincidise en sábado ou festivo o prazo quedará prorrogado ata o seguinte día hábil inclusive.

Lugar de presentación: a presentación de instancias realizarase no Rexistro Xeral do Concello ou na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas (coa excepción establecida na disposición final sétima da mesma).

Documentación que hai que presentar xunto coa instancia. As instancias terán que vir acompañadas dos seguintes documentos:

- a.- Fotocopia do DNI.
- b.- Fotocopia da titulación esixida.
- c.- Fotocopia do carné de manipulador de alimentos.
- d.- Fotocopia de toda a documentación que poida serlle puntuada neste proceso.

5.- SISTEMA DE SELECCIÓN

Consistirá en dúas fases:

A) Realización das seguintes probas:

a) Unha proba teórica que consistirá en contestar por escrito preguntas de resposta concreta e/ou curta, relativas ó seguinte temario:

1. A manipulación dos alimentos. Seguridade e hixiene no traballo
2. Limpeza de instalacións maquinaria e útiles de cociña. Compoñentes da batería de cociña: conceptos e tipos
3. Terminoloxía culinaria, concepto e termos
4. Preparación, conservación e almacenamento dos alimentos: peixes, carnes, hortalizas e legumes, ovos e lácteos, conservas...

Para superar a proba teórica e pasar a proba práctica deberá acadarse polo menos unha puntuación de 5 puntos.

b) Unha proba práctica relacionada coas funcións para desenvolver, sendo o prazo máximo de realización por aspirante de 15 minutos. Para superar a proba práctica deberá acadarse, polo menos, unha puntuación de 5 puntos.

c) Coñecemento da lingua galega.- Esta proba unicamente será obrigatoria para o persoal aspirante que non acredite o título de iniciación da lingua galega ou a validación correspondente, ou estar en posesión do Celga 3. O exercicio de galego para os/as aspirantes que deban realizar a proba de coñecemento do idioma galego cualificarase como apto ou non apto. As e os que non o superen quedarán excluídos do proceso selectivo.

B) Baremo de méritos:

Non terá carácter eliminatorio nin poderá terse en conta para superar as probas da fase de oposición. O baremo de méritos fíxase do seguinte xeito: máximo 6 puntos.

a) Experiencia profesional: por cada mes completo de servizos prestados en administracións públicas na categoría de Axudante de Cociña - Limpeza, 0,15 puntos ata un máximo de 4 puntos.

Os servizos deberán acreditarse coa presentación de certificación de empresa por un lado, xuntamente co contrato de traballo ou nomeamento, se é o caso.

Aquelas e aqueles aspirantes que prestaron servizos no Concello de Lugo, unicamente terán que facelo constar na súa instancia de participación no proceso selectivo e non terán que presentar a certificación a que fai referencia este parágrafo.

b) Formación:

Por cursos de formación, expedidos ou homologados por organismos oficiais, directamente relacionados coas funcións propias da praza convocada, nos que se expediran diploma, certificación de asistencia ou, se é o caso, de aproveitamento ata un máximo de 2 puntos de conformidade cos seguintes criterios:

- Ata 14 horas de duración 0,10 puntos.
- De 15 a 24 horas de duración 0,20 puntos
- De 25 a 39 horas de duración 0,40 puntos
- De 40 a 59 horas de duración 0,60 puntos
- De 60 a 79 horas de duración 0,80 puntos
- De 80 a 100 horas de duración 1 punto
- De 101 ou mais horas de duración 1,15 puntos

O puntuación final do proceso selectivo será a resultante da suma das puntuacións obtidas nas probas teórica e práctica superadas coa suma das puntuacións obtidas na fase de concurso.

De producirse empate na puntuación, a orde de desempate será a seguinte:

- 1) Puntuación pola orde dos parágrafos anteriores
- 2) Solicitante de maior idade.

En todos os casos será requisito imprescindible a copia dos documentos que acrediten os méritos que alega a persoa aspirante. As e os aspirantes que resulten seleccionados deberán aportar a documentación orixinal para o seu cotexo, igualmente, a dita documentación poderá ser requirida a todas as demais persoas aspirantes en calquera momento do proceso.

Unha vez rematado o prazo de presentación de instancias, unicamente poderán corrixir os requisitos indispensables para participar no proceso selectivo, pero non os que voluntariamente achegue o/a aspirante, e que queira presentar para ser tidos en conta na fase de concurso. A presentación da documentación acreditativa dos méritos que se aleguen para o baremo de méritos deberá facerse dentro do prazo de presentación de instancias, sen que sexa admisible a súa presentación dentro do prazo de emendas.

6.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

O tribunal cualificador estará constituído polos seguintes membros:

Presidenta: D.^a María Jesús López Vázquez (Técnica) Xefa de Servizo de Muller e Benestar Social do Concello de Lugo.

Suplente: D.^a M.^a del Carmen Neira Vieito, Técnica de Xestión do Concello de Lugo.

Vogais:

- D.^a Ana Rosa Pérez García, Traballadora Social (Adxunta de Sección) do Concello de Lugo.

Suplente: D.^a Isabel Ozores Sieira, Licenciada en Dereito do Concello de Lugo.

- D.^a Elena Pilar Sánchez Picado, Traballadora Social (Xefa de Sección) do Concello de Lugo.

Suplente: D.^a M.^a Edelmira López Arias, Traballadora Social do Concello de Lugo.

- D.^a M.^a Remedios Martínez Rodil, Encargada do Fogar do Transeúnte do Concello de Lugo.

Suplente: D.^a María Ozores Folgueira, Oficial Cociñeira do Concello de Lugo.

Secretaria:

- D.^a María García Ferro, Vicesecretaria do Concello de Lugo.

Suplente: D.^a Amparo Rubinos Hermida, Técnica Media de Xestión (Xefa da Sección de Estatística e Cemiterio) do Concello de Lugo.

7.- RECURSOS

Contra este acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o xulgado desta orde de Lugo, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ó da notificación.

Igualmente poderá interpoñerse, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes contado dende o día seguinte á recepción desta notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no

devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolvera expresamente, o prazo para interposición será de seis meses, contados dende que se produza o acto presunto.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.”

Segundo.- Que se proceda á súa publicación, facendose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado desta orde en Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da notificación.

Non obstante poderá interpoñer, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado dende o día seguinte á recepción desta notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición podrá interpoñer-lo recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolva expresamente, o prazo para interposición será de seis meses, contados dende que se produza o acto presunto.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

R. 2414

Anuncio

DECRETO NÚMERO 17007052 DO 03/08/2017

Ilmo. Sr. Don XOSE DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tenente de Alcalde-Delegado da Área de Desenvolvemento Sostible e Persoal do Excmo. Concello de Lugo.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión extraordinaria e urxente realizada o día 23 de decembro de 2015, adoptou o acordo número 2/882, polo que se aprobou a oferta de emprego público para o ano 2015. figurando no seu ANEXO, entre outras, a seguinte praza de persoal funcionario:

‘- *Grupo A2. Escala de Administración Especial. Número de vacantes: 1 (Quenda de promoción interna). Denominación: Enxeñeiro/a Técnico/a Agrícola.*’

O dito acordo foi publicado no BOP de Lugo número 020, do 26 de xaneiro de 2016, e no DOG número 36, do 23 de febreiro de 2016.

A oferta de emprego público para o ano 2015 foi modificada por acordo 5/173 adoptado pola Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo na sesión ordinaria celebrada o día 5 de abril de 2017, o cal foi rectificado polo acordo 10/220 adoptado polo dito órgano de goberno na sesión ordinaria celebrada o 26 de abril de 2017, publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 122, do 30 de maio de 2017, figurando no seu ANEXO, entre outras, a seguinte prazas de persoal funcionario:

‘- *Grupo A2. Escala de Administración Especial. Número de vacantes: 1 (Quenda de promoción interna). Denominación: Enxeñeiro/a Técnico/a Agrícola*

A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o vinte e seis de xullo de dous mil dezasete, adoptou, entre outros o acordo 9/475 **BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A AGRÍCOLA PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA.**

Esta Concellería, en virtude das atribucións conferidas á Alcaldía polo artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local e tendo en conta o Decreto número 16005312, ditado o 5-07-2016, **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Convocar o proceso selectivo mediante o sistema de concurso-oposición, para o acceso en propiedade a **unha praza de Enxeñeiro/a Técnico/a Agrícola**, pertencente ó cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de promoción interna, que se rexerá tanto polas bases específicas aprobadas por acordo nº 9/475 da Xunta de Goberno Local deste Concello na súa sesión do 26.07.2017 en todo o que non estea previsto nas “BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS VACANTES PERTENCENTES Ó CADRO DE FUNCIONARIOS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA”, aprobadas pola Xunta de Goberno Local o día 2 de xuño de 2010 e modificadas polo citado o 22 de decembro de 2010 e 15 de outubro de 2014 (BOP de Lugo do 7.11.2014), que seguidamente se transcriben:

“BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A AGRÍCOLA PERTENCENTE Ó CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA

1º.- OBXECTO.- É obxecto destas bases específicas a regulación dos aspectos particulares do proceso de selección para o acceso, como funcionario de carreira, a unha praza de Enxeñeiro/a Técnico/a Agrícola, do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en todo o que non estea previsto nas “BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS VACANTES PERTENCENTES Ó CADRO DE FUNCIONARIOS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA”, aprobadas pola Xunta de Goberno Local o día 2 de xuño de 2010 e modificadas polo citado o 22 de decembro de 2010 e 15 de outubro de 2014.

As ditas bases foron publicadas integramente no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, número 256, do 7 de novembro de 2014.

2º.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA

a) Denominación da praza: enxeñeiro/a técnico/a agrícola

b) Grupo de titulación: A (subgrupo A2)

c) Outras características:

- Escala: administración especial

- Subescala: técnica

- Clase: técnico medio

3º.- SISTEMA SELECTIVO.- De conformidade co previsto nas bases xerais aprobadas por este Concello de Lugo, o sistema selectivo será o de concurso-oposición.

4º.- TITULACIÓN E OUTROS REQUISITOS ESIXIDOS PARA O ACCESO Á PRAZA:

a) Título de enxeñeiro técnico agrícola ou título de grao equivalente.

b) Ser empregado público do Concello de Lugo con praza en propiedade, pertencente ó grupo inmediatamente inferior, e ter unha antigüidade mínima de dous anos no grupo dende o que se promociona.

5º.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN.

As solicitudes para participar no correspondente proceso selectivo haberán de axustarse ó modelo aprobado polo Excmo. Concello de Lugo, e os aspirantes manifestarán nelas, de xeito expreso, que reúnen todas e cada unha das condicións de admisión previstas nestas bases específicas e nas xerais aprobadas pola Xunta de Goberno en sesións do 2 de xuño de 2010, 22 de decembro de 2010 e 15 de outubro de 2014 para o acceso en propiedade a prazas pertencentes ó cadro de funcionarios do Concello de Lugo en quenda de promoción interna.

Os interesados e interesadas en participar nos correspondentes procesos selectivos deberán presentar instancia dirixida á Excm. Sra. Alcadesa no Rexistro Xeral do Concello de Lugo; así mesmo, poderán remitirse na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (coa excepción establecida na súa disposición final sétima).

Así mesmo, na solicitude de admisión ó concurso-oposición deberán alegar os méritos que posúan de entre os especificados na base décimo terceira das bases xerais anteriormente citadas de acordo coa modificación aprobada pola Xunta de Goberno Local o 22 de decembro de 2010 e acompañar á dita solicitude os certificados e títulos ou diplomas acreditativos de tales méritos, sen que o tribunal poida valorar méritos diferentes dos alegados na solicitude ou insuficientemente acreditados, sen que proceda a concesión de prazos ós solicitantes para a corrección de tales deficiencias.

6º.- FASE DE CONCURSO. Consistirá na valoración dos méritos alegados e acreditados polas persoas aspirantes no momento de presentación das instancias. Os méritos serán valorados de acordo co baremo que se establece na base décimo terceira das xerais aludidas na base anterior.

7º.- PROBAS SELECTIVAS.

As probas selectivas que deberán superar as persoas aspirantes á praza á que se refiren estas bases específicas son as seguintes:

A) DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO

PRIMEIRO EXERCICIO, teórico: desenvolvemento por escrito, durante un tempo máximo de 90 minutos, dun tema extraído ó chou de entre os comprendidos no temario de materias específicas.

O temario de materias específicas intégrano 48 temas.

SEGUNDO EXERCICIO, práctico: consistirá en realizar, durante un tempo máximo de 90 minutos, un suposto práctico que formulará o tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio, e que estará relacionado cos contidos do programa e coas funcións propias das e dos titulares destas prazas.

No anuncio de convocatoria deste exercicio, o tribunal determinará os medios materiais dos que deberán ou poderán ir provistas as persoas aspirantes para a súa realización.

Os exercicios obrigatorios e eliminatorios cualificaranse de apto ou non apto, e deberá acadarse unha puntuación mínima de 5 para a súa superación. Os exercicios que obteñan a cualificación de apto serán puntuados de 5 a 10 puntos.

B) COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA.

Na realización deste exercicio e na súa valoración estarase ó disposto na base décimo sétima letra C, das bases aprobadas pola Xunta de Goberno o 2 de xuño de 2010 modificadas polo citado órgano o 22 de decembro de 2010 e o 15 de outubro de 2014 que rexerán nos procesos para o acceso en propiedade a prazas pertencentes ó cadro de funcionarios e persoal laboral do Concello de Lugo en quenda de promoción interna.

A cualificación final de cada aspirante na fase de oposición será a resultante da suma das cualificacións de cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios.

A puntuación obtida na fase de oposición incrementarase coa correspondente á fase de concurso.

8º.- PROGRAMA TEMARIO DE MATERIAS ESPECÍFICAS.

1.- Clasificación urbanística dos solos en Galicia. Principais características de cada un dos tipos e categorías de solo. Usos e actividades. Procedemento para o outorgamento de autorizacións. Condicións de edificación.

2.- Réxime do solo rústico en Galicia. Dereitos e deberes das e dos propietarios. Condicións de uso e actividades no solo rústico de Galicia. Categorías do solo rústico en Galicia. Principais características de cada unha delas.

3.- Condicións xerais de edificación no solo rústico en Galicia. Condicións adicionais para as edificacións destinadas a uso residencial, vinculadas a explotacións agrarias. Condicións adicionais para outras actividades construtivas non residenciais.

4.- Réxime do solo de núcleo rural en Galicia. Dereitos e deberes das e dos propietarios do solo de núcleo rural. Usos e actuacións neste tipo de solo. Condicións de edificación no solo de núcleo rural.

5.- Lei de montes de Galicia (Lei 7/2012 de 28 de xuño). Especialmente o relativo ós títulos I e II.

6.- A valoración e ordenación do espazo agroforestal. A Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia. Os cambios nos modelos de aproveitamento e usos do solo. Evolución e perspectivas.

7.- A terra en Galicia. Usos do solo, distribución, tendencias e problemática. Formas de tenencia. A Lei 7/2007, de 21 de maio, de medidas administrativas e tributarias para a conservación da superficie agraria útil e do Banco de Terras de Galicia. A concentración parcelaria: procedementos e incidencias ambientais.

8.- Procedemento xeral de expropiación. Declaración de utilidade pública ou interese social. Declaración de necesidade de ocupación de bens ou adquisición dereitos. Procedemento ordinario. Procedemento expropiatorio de urxencia. Actas previas á ocupación. Depósito previo. Ocupación.

9.- Concepto de prezo xusto. Pagamento e toma de posesión: consignación e retaxación no procedemento expropiatorio. Valoración do solo no procedemento expropiatorio. Aplicación xeral das normas de valoración. Momento ao que se referirán as valoracións. Criterio xeral de valoración do solo.

10.- Iniciativas europeas de desenvolvemento rural. Os fondos estruturais: Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), Fondo Social Europeo (FSE), Fondo Europeo Agrícola e de Desenvolvemento Rural (FEADER), Fondo Europeo da Pesca (FEP), Fondo Europeo Agrícola de Garantía (FEAGA), Programa Life: obxectivos, funcións e formas de intervención.

11.- O marco legal da prevención de riscos laborais. Os riscos laborais nos traballos agrarios. As medidas preventivas e os elementos de protección. Seguridade e saúde nas obras de construción. Disposicións mínimas. Estudo de seguridade e saúde. Plan de seguridade e saúde. Coordinadores e outros axentes responsables. Libro de incidencias.

12.- O contido dos proxectos de obra nas administracións públicas. Os contratos administrativos de obra e de servizo. A dirección de obra: funcións e responsabilidades. A seguranza e a saúde nas obras de construción. Axentes da edificación (Lei 38/99, do 5 de novembro, de ordenación da edificación).

13.- Formigóns. Definición. Dosificación. Designación dos formigóns. Formigonados. Posta na obra do formigón. Xuntas de formigonado. Formigonado en tempo frío e caloroso. Curado. Encofrado e desencofrado. Durabilidade do formigón e corrosión das armaduras.

14.- Deseño de construcións e instalacións agrarias en Galicia. Tipos e fins. Criterios de deseño estrutural e de distribución.

15.- Os criterios no deseño de camiños rurais. Clasificación. Trazado. Sección transversal. Elementos da xeometría do camiño, tipos de pavimento. Características xerais dos abastecementos de auga potable e dos saneamentos en pequenas poboacións ou de núcleos rurais.

16.- Movemento de terras. Estabilización de solos. Estabilización granulométrica e outras. A explanación, definición e función. Desmontes e recheos. As obras de fábrica nos camiños rurais. Obras de paso, drenaxe e defensa.

17.- O firme. Características funcionais e estruturais. Firmes flexibles e ríxidos. Sub-base, base e capa de rodadura. Tratamentos superficiais da capa de rodadura. Produtos bituminosos de uso frecuente en camiños rurais.

18.- O muro como elemento de contención. Definición. Accións para considerar. Análise, armado e dimensionado. Muros de camiños rurais. Tipoloxía. Elementos construtivos. Drenaxe e sistema construtivo.

19.- A contratación do sector público. Configuración xeral e elementos estruturais. A preparación dos contratos polas administracións públicas e en particular pola Administración local (expte. de contratación). Tipos de contratos. Normas preparatorias para o contrato de obras. A licitación e adxudicación.

20.- Execución, modificación e extinción dos contratos administrativos. Normas especiais para contratos de obras.

21.- Ordenación do territorio e urbanismo. Lexislación e competencias do Estado, das comunidades autónomas e dos entes locais.

22.- O Plan xeral municipal. Obxecto, determinacións e documentación. Elaboración e aprobación. Os proxectos de ordenación do medio rural.

23.- Clasificación do solo segundo a lexislación galega. Réxime urbanístico do solo de núcleo rural. Determinacións do PXOM en solo rústico e de núcleo rural. Explotacións agrícolas e gandeiras existentes antes da entrada en vigor desta Lei.

24.- A auga no solo. Medida da humidade. Retención e movemento da auga. Perdas de auga no solo. O dominio público hidráulico. Bens que o integran. Uso do dominio público hidráulico. Concesións. Breve referencia á Administración pública da auga.

25.- Lei 9/2010, de 3 de novembro, de augas de Galicia con especial mención ás competencias da Comunidade Autónoma, competencias dos entes territoriais. Organización da Administración hidráulica en Galicia. Augas de Galicia: as súas competencias e organización.

26.- Os residuos agrogandeiros. Plan de xestión en Galicia. O código de boas prácticas agrarias.

27.- Enerxías renovables de orixe agraria. Biomasa e biocarburantes. Biocarburantes e desenvolvemento sustentable.

28.- Sistemas de información xeográfica. Áreas de aplicación. A fotogrametría e a teledetección de satélites aplicadas á agricultura.

29.- O Catastro. Catastro inmobiliario rústico. Obxecto e usos. Formación e conservación.

30.- A concentración parcelaria. Procedemento. Impacto ambiental e medidas correctoras. A Lei galega de concentración parcelaria.

31.- Valoracións de terreos rústicos e instalacións agrarias. Descrición e desenvolvemento dos distintos métodos de valoración e a súa aplicación. Valoración dos distintos tipos e categorías do solo.

32.- Competencias da Comunidade Autónoma Galega en materia de agricultura e gandería. A Concellería de Zona Rural no Concello de Lugo.

33.- A economía galega. Dimensións e importancia. Os sectores económicos. Factores limitantes.

34.- A poboación galega, estrutura, evolución e tendencias. Movementos migratorios. A poboación activa agraria: evolución e situación actual.

35.- O sector agrario galego. Importancia de cada subsector: agrícola, gandeiro e forestal. A renda agraria.

36.- A Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias. Evolución, situación actual e problemática.

37.- A terra en Galicia. Usos do solo. Formas de tenza. A Lei 7/2007, do 21 de maio, de medidas administrativas e tributarias para a conservación da superficie agraria útil e do Banco de Terras de Galicia.

38.- A protección do solo. Contaminación dos solos. Control e recuperación de solos contaminados.

39.- A Directiva marco da auga 2000/60/CE. A súa implantación en Galicia. Organización da Administración hidráulica en Galicia.

40.- A política agraria común (PAC). Obxectivos, reformas e competencias. O proceso comunitario de toma de decisión no sector agrario.

41.- Desenvolvemento rural na PAC. Política de desenvolvemento rural no período 2007-2013. Desenvolvemento rural en Galicia.

42.- Financiamento da PAC. Instrumentos de financiamento: FEAGA, FEADER. Outros instrumentos financeiros: FSE, FEDER, FEP, BEI.

43.- Os organismos pagadores do FEAGA e FEADER na UE. Criterios de autorización. Funcións, procedementos e coordinación. O FEAGA e o FOGGA.

44.- Asociacionismo agrario. Cooperativas, SAT e outras formas asociativas. Importancia social e económica.

45.- Producción ecolóxica. Regulamentación europea, estatal e autonómica. Situación actual en Galicia. O Plan de desenvolvemento da agricultura ecolóxica de Galicia.

46.- A comercialización de produtos agrarios. Características da comercialización en Galicia. Situación, principais circuitos e axentes de comercialización agrarios.

47.- Marco legal de prevención de riscos laborais: Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais. Regulamento dos servizos de prevención (Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención). Riscos laborais nos traballos agrarios.

48.- A sanidade vexetal en Galicia: uso sostible dos produtos fitosanitarios (Real decreto 1311/2012, do 14 de setembro). Situación actual. Estratexias na loita fitosanitaria. Programa de control integrado: predición e manexo integrado. Programa de control dos residuos fitosanitarios.

9º.- RECURSOS

Contra este acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998 de 13 xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o xulgado desta orde de Lugo, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ó da notificación.

Igualmente, poderá interpoñerse, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes contado dende o día seguinte á recepción desta notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolvera expresamente, o prazo para interposición será de seis meses, contados dende que se produza o acto presunto.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.”

SEGUNDO.- Sinalar que, de acordo co previsto na base oitava das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre, o prazo de presentación de instancias será de vinte días naturais contados dende o seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

TERCEIRO.- Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida, facendose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado desta orde en Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da notificación.

Non obstante poderá interpoñer, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado dende o día seguinte á recepción desta notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición podrá interpoñer-lo recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolvera expresamente, o prazo para interposición será de seis meses, contados dende que se produza o acto presunto.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

NAVIA DE SUARNA*Anuncio*

Elevado a definitivo, por non terse presentado reclamacións, e así dispoñelo o acordo de plenario de data 31 de maio de 2017, de aprobación da Ordenanza reguladora da Administración Electrónica do Concello de Navia de Suarna a medio da presente, publícase o seu texto integro para o seu xeral coñecemento, en cumprimento do disposto nos artigos 49 e 70 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local:

ORDENANZA DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA DO CONCELLO DE NAVIA DE SUARNA**ÍNDICE DE ARTIGOS**

	CAPÍTULO 1. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN
	Artigo 1. Obxecto
	Artigo 2. Ámbito de aplicación
	CAPÍTULO 2. SISTEMAS DE IDENTIFICACIÓN E AUTENTIFICACIÓN
	Artigo 3. Sistemas de identificación e autenticación
	CAPÍTULO 3. SEDE ELECTRÓNICA
	Artigo 4. Sede electrónica
	Artigo 5. Catálogo de procedementos
	Artigo 6. Contido da sede electrónica
	Artigo 7. Taboleiro de edictos electrónico
	Artigo 8. Publicidade activa
	Artigo 9. Perfil do contratante
	CAPÍTULO 4. REXISTRO ELECTRÓNICO
	Artigo 10. Creación e funcionamento do rexistro electrónico
	Artigo 11. Natureza e eficacia do rexistro electrónico
	Artigo 12. Funcións do rexistro electrónico
	Artigo 13. Responsable do rexistro electrónico
	Artigo 14. Acceso ao rexistro electrónico
	Artigo 15. Presentación de solicitudes, escritos e comunicacións
	Artigo 16. Rexeitamento das solicitudes, escritos e comunicacións
	Artigo 17. Cómputo dos prazos
	CAPÍTULO 5. NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICAS
	Artigo 18. Condicións xerais das notificacións
	Artigo 19. Práctica das notificacións electrónicas
	Artigo 20. Factura electrónica

	DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMERA. Entrada en funcionamento da sede electrónica
	DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA. Seguridade
	DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA. Protección de datos
	DISPOSICIÓN ADICIONAL CUARTA. Portelo única da Directiva de Servizos
	DISPOSICIÓN ADICIONAL QUINTA. Habilitación de desenvolvemento
	DISPOSICIÓN ADICIONAL SEXTA. Aplicación das previsións contidas nesta ordenanza
	DISPOSICIÓN DEROGATORIA.
	DISPOSICIÓN FINAL. Entrada en vigor

ORDENANZA DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA DO CONCELLO DE NAVIA DE SUARNA

CAPÍTULO 1. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

ARTIGO 1. Obxecto

A presente Ordenanza ten por obxecto a regulación dos aspectos electrónicos da Administración municipal, a creación e determinación do réxime xurídico propio da sede electrónica, do rexistro electrónico e da xestión electrónica administrativa, facendo efectivo o dereito dos cidadáns ao acceso electrónico aos servizos públicos municipais.

ARTIGO 2. Ámbito de aplicación

Esta Ordenanza será de aplicación ao Concello de Navia de Suarna e ás entidades de dereito público vinculadas ou dependentes deste, e aos cidadáns nas súas relacións coa Administración municipal.

CAPÍTULO 2. SISTEMAS DE IDENTIFICACIÓN E AUTENTICACIÓN

ARTIGO 3. Sistemas de identificación e autenticación

Os sistemas de identificación e autenticación serán os establecidos no capítulo II do Título I da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Os interesados poderán **identificarse** electrónicamente ante a Administración municipal a través de calquera sistema que conte cun rexistro previo como usuario que permita garantir a súa identidade. En particular, serán admitidos, os sistemas seguintes:

a) Sistemas baseados en certificados electrónicos reconocidos ou cualificados de firma electrónica expedidos por prestadores incluídos na «Lista de confianza de prestadores de servizos de certificación». A estes efectos, enténdense comprendidos entre os citados certificados electrónicos recoñecidos ou cualificados os de persoa xurídica e de entidade sen personalidade xurídica.

b) Sistemas baseados en certificados electrónicos recoñecidos ou cualificados de selo electrónico expedidos por prestadores incluídos na «Lista de confianza de prestadores de servizos de certificación».

c) Sistemas de clave concertada e calquera outro sistema que a Administración municipal considere válido, nos termos e condicións que se establezan.

Os interesados poderán **asinar** a través de calquera medio que permita acreditar a autenticidade da expresión da súa vontade e consentimento, así como a integridade e inalterabilidade do documento.

No caso de que os interesados optasen por relacionarse coa Administración municipal a través de medios electrónicos, consideraranse válidos a efectos de firma.

a) Sistemas de sinatura electrónica recoñecida ou cualificada e avanzada baseados en certificados electrónicos recoñecidos ou cualificados de sinatura electrónica expedidos por prestadores incluídos na «Lista de confianza de prestadores de servizos de certificación». A estes efectos, enténdense comprendidos entre os citados certificados electrónicos recoñecidos ou cualificados os de persoa xurídica e de entidade sen personalidade xurídica.

b) Sistemas de selo electrónico recoñecido ou cualificado e de selo electrónico avanzado baseados en certificados electrónicos recoñecidos ou cualificados de selo electrónico incluídos na «Lista de confianza de prestadores de servizos de certificación».

c) Calquera outro sistema que a Administración municipal considere válido, nos termos e condicións que se establezan.

Con carácter xeral, para realizar calquera actuación prevista no procedemento administrativo, será suficiente con que os interesados acrediten previamente a súa identidade a través de calquera dos medios de identificación previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As Administracións Públicas só requirirán aos interesados o uso obrigatorio de firma para:

- a) Formular solicitudes.
- b) Presentar declaracións responsables ou comunicacións.
- c) Interpoñer recursos.
- d) Desistir de accións.
- e) Renunciar a dereitos.

CAPÍTULO 3. SEDE ELECTRÓNICA

ARTIGO 4. Sede electrónica

Créase a sede electrónica do Concello, dispoñible na dirección URL <http://concellonaviadesuarna.sedelectronica.gal>

A titularidade da sede electrónica corresponderá ao Concello de Navia de Suarna.

A sede electrónica créase con suxeición aos principios de transparencia, publicidade, responsabilidade, calidade, seguridade, dispoñibilidade, accesibilidade, neutralidade e interoperabilidade.

A sede electrónica utilizará para identificarse e garantir unha comunicación segura, certificado recoñecido ou cualificado de autenticación de sitio web ou equivalente.

A sede electrónica deberá ser accesíbel aos cidadáns todos os días do ano, durante as vinte e catro horas do día. Só cando concorran razóns xustificadas de mantemento técnico ou operativo poderá interromperse, polo tempo imprescindible, a accesibilidade á mesma. A interrupción deberá anunciarse na propia sede coa antelación que, no seu caso, resulte posible. En supostos de interrupción non planificada no funcionamento da sede, e sempre que sexa factible, o usuario visualizará unha mensaxe na que se comunique tal circunstancia.

A efectos do disposto neste artigo, a Administración Local poderá subscribir os opostunos convenios con outras administracións públicas para concertar a xestión, explotación e aloxamento externo da sede electrónica municipal, sen menoscabo da responsabilidade última sobre a mesma que recaerá sempre no propio Concello.

ARTIGO 5. Catálogo de procedementos

Tal e como establece artigo 53.1 f) da citada Lei 39/2015, o interesado ten, entre outros, o dereito a obter información e orientación acerca dos requisitos xurídicos ou técnicos que as disposicións vixentes impoñan aos proxectos, actuacións ou solicitudes que se propoña realizar.

Neste mesmo sentido, o artigo 16.1 tamén da Lei 39/2015, establece que na sede electrónica de acceso a cada rexistro figurará a relación actualizada de trámites que poden iniciarse no mesmo.

A estes efectos, o Concello de Navia de Suarna fará público e manterá actualizado o catálogo de procedementos e actuacións na sede electrónica.

ARTIGO 6. Contido da sede electrónica

A sede electrónica terá o contido marcado na lexislación aplicable, debendo figurar en todo caso:

- a) A identificación do órgano titular da sede e dos responsables da súa xestión e dos servizos postos a disposición da mesma e no seu caso, das subsedes dela derivadas.
